

Miliario de A Corga

05003401

Datos de Localización

Miliario

Inmoble:	Inmoble Indeterminado
Localización:	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Coord. UTM	X: 60519992 Y: 466570712
Concello:	Sandiás
Parroquia:	PIÑEIRA DE ARCOS
Lugar:	Corga, A
Tipoloxía:	Epigrafía
Tipo:	Miliarios
Subtipo:	Miliario
Denominación:	Miliario de A Corga

Características

Etaapa Histórica Baixo Imperio Romano

Estilo:

Descrición:

Este miliario apareceu no ano 1964 co gallo dunhas obras de excavacións e desterros motivados pola desecación da Lagoa da Antela. Atopouse á man dereita da actual pista que vai de A Corga a Casasoá (non entre Pena e Morgade como afirmara nun primeiro momento Rodríguez Colmenero, primeiro en citar este miliario nun traballo, pero sin plasmar a súa transcripción), entre os núcleos de A Corga e Zadagós. Durante un tempo estivo custodiado nunha zona verde interior dunha granxa do I.R.Y.D.A., case no centro da desaparecida lagoa. En 1978 foi trasladado ó patio da Deputación Provincial de Ourense, e despois pasou a engrosar os fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Estas son as coordenadas aportadas no traballo "*La Vía Nova en a Limia*": 42º 08' 08" N. e 4º 02' 21" O.

Trátase dun bloque de granito de sección casi cuadrangular pero coas aristas amplamente redondeadas. Esta forma é moi común en varios exemplares tardíos desta rexión NO peninsular. A súa conservación é bastante boa, pero as letras son moi burdas e presentan varias erratas, tamén o seu tamaño é bastante variado. As filas epigráficas tamén presentan bastante descoido no referente á súa horizontalidade.

Está adicado ó emperador Galerio (293-311d.C.), e polo título de Augusto que se aprecia no texto pódese aproximar a súa realización ó ano 305 (ano no que este emperador alcanzou o título de Augusto).

Aínda que se aprecian algúns rasgos un pouco máis abaixo da última fila epigráfica recoñecible, seguramente non se especificou milla algunha, xa que era bastante común omitila nos miliarios tardíos e honoríficos.

Interpretación:

D(omino) N(ostro) IMP(eratori) CAES(a) RI (sic)
G(alerio) VALERIO
MAXSI

MIANO
P(io) F(elici) ANVISTO (por Augusto)
INVICTO

Lectura: (Adicado) ó Noso Señor o Emperador César Galerio Valerio Maximiano Pío Feliz Augusto Invicto.

Datación:**Autoría:**

Materiais: Granito

Carac. Técnicas: Inventariado no Museo Arqueolóxico
Provincial de Ourense como: CE005938
Técnica: Labrado

Alto: 175 cm.

Ancho: 45 cm.

Profundo: 36 cm.

Diámetro: 0 cm.

Perímetro: 0 cm.

Peso: 0 Kg.

Capacidade: 0

Xilófagos:

Perda Policromía:

Perda Material:

Observacións: Segundo o artigo 60 da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español, este moble está sometido ó réxime establecido para os Bens de Interese Cultural.

Bibliografía:

- ALVARADO BLANCO, S., RIVAS FERNÁNDEZ, J. C., VEGA PATO, T.: "La Vía Nova en a Limia", *Boletín Auriense*, Anexo 16, Ourense, 1992, p.92.
- CAAMAÑO GESTO, J.M.: "Los miliarios del siglo IV en Galicia", *Congreso Internacional La Hispania de Teodosio. (Segovia 1995)*, Segovia, 1997, p. 410.
- RIVAS FERNÁNDEZ, J. C., Addenda al catálogo de los miliarios orensanos II, en *Boletín Auriense*, t. V, Ourense, 1975, pp.140-142.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: "La red viaria romana del sudeste de Galicia", *Hispania Antiqua*, IV, 1974, p. 285.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: *Aquae Flaviae. I. Fontes epigráficas da Gallaecia meridional interior*. Cámara Municipal de Chaves, Chaves, 1997, pp.364-365.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., FERRER SIERRA, S., e ÁLVAREZ ASOREY, R. D., *Miliarios e outras inscricións viarias romanas do Noroeste Hispánico (conventos bracarense, lucense e asturicense)*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio Histórico, 2004, p.549.

Documentación: -Ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32077REF-9.